

Por segundo ano consecutivo prodúcense novas incorporacións

EROSKI INCORPORA 311 SOCIAS E SOCIOS TRABALLADORES Á COOPERATIVA NO 2016

- **Actualmente, e tras as incorporacións, elévanse a 8.046 as súas Socias e Socios Traballadores**
- **As Socias e Socios Traballadores, pola súa condición de propietarios, son partícipes na xestión e resultados da cooperativa**
- **Os novos cooperativistas completaron o programa de inserción "Singular" para acompañalos na adquisición de coñecementos cooperativos**

Elorrio, 29 de xuño do 2017.- [EROSKI](#) incorporou 311 traballadores como socios cooperativistas no 2016, elevando a cifra total de Socias e Socios Traballadores da cooperativa matriz a peche do pasado exercicio a 8.046 persoas. Súmanse ás 166 do 2015, que foron as primeiras logo de cinco anos sen novas incorporacións.

O 79% das incorporacións son mulleres. Case o 93% das novas socias e socios desenvolven a súa actividade nos hipermercados e supermercados EROSKI, e os máis corresponden a Viaxes EROSKI, á plataforma loxística e á estrutura central. O 95% realiza a súa actividade en puntos de venda, na súa maior parte nas seccións de frescos, onde o modelo comercial "contigo" aposta por unha maior atención personalizada ao cliente.

"É un motivo de satisfacción continuar a espallar o modelo cooperativo entre os traballadores que manifestaron a súa vontade e decisión de entraren a participar na propiedade, na xestión e nos resultados económicos, demostrando a súa confianza e apoio ao proxecto EROSKI e adquirindo o protagonismo inherente á figura do socio traballador no noso modelo empresarial", asegurou o Director Xeral Social de EROSKI, Iñigo Eizaguirre.

En EROSKI as decisións de maior calado debátense e tómanse nos órganos de goberno e representación da cooperativa, nalgúns casos logo de realizar tamén amplos referendos nos que teñen dereito a participar todas as Socias e Socios Traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Os 311 novos Socios e Socias Traballadores completaron o programa de inserción "Singular", que trata de informar, acoller e integrar os participantes no que é e no que significa o modelo empresarial cooperativo e os seus valores, así como no coñecemento dos dereitos e obrigas que se corresponden cos seus principios. Durante o programa impártense contidos que abranguen dende unha visión xeral da organización, con información sobre o Grupo EROSKI e os seus principais sinais de identidade, ata o modelo "contigo" ou a xestión franquizada. Afóndase tamén nos aspectos que lle dan sentido aos comportamentos, aos modos de organizarse e ao xeito de interpretar os símbolos do modelo cooperativo.

Estas incorporacións preservan e fortalecen o singular modelo de xestión cooperativo de EROSKI e deben levar a gañar en eficiencia e competitividade ao conxunto do Grupo, polo maior compromiso que, en diante, asumen os traballadores como socios propietarios e, xa que logo, partícipes na xestión e resultados da súa empresa.

EROSKI comeza a pechar o círculo dos sinais do novo ciclo que arrancou e que no seu comezo está marcado pola volta aos beneficios da cooperativa, o regreso ao investimento en aperturas de tendas propias e á incorporación de novos Socios e Socias Traballadoras.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)